

## INSTRUCCIÓN XERENCIAL DE 7 DE MAIO DE 2012 POLA QUE SE ESTABECE O PROCEDEMENTO A SEGUIR NA INTERPRETACIÓN DO ARTIGO 9.1.A) 230.02 "TESE DE DOUTORAMENTO" DAS NORMAS DE DESENVOLVEMENTO DO ORZAMENTO 2012

Ante as dúbidas xurdidas na interpretación do artigo 9 "Créditos ampliables" das normas de desenvolvemento do Orzamento 2012 da Universidade de Vigo relativa ao seu punto 1.a) 230.02 "Tese de doutoramento", esta Xerencia, establece o seguinte procedemento a seguir para a súa interpretación e execución :

1) No caso de teses con mención europea ou internacional, a Comisión de Estudos de Posgrao poderá emitir informe favorable á autorización de gastos ata un límite máximo de 1.600 € por tese. Este incremento de gastos, ao igual que o importe principal, imputarase á aplicación orzamentaria 2012 00VI 131H 230.02

2) No caso de que o gasto previsto por tese exceda os límites de :

- a) 1.600 €/tese para teses con mención europea ou internacional
- b) 1.300 € para o resto de teses


A Comisión de Estudos de Posgrao poderá emitir informe favorable a dito incremento, previa solicitude do director da tese na que se explicita a aplicación orzamentaria , diferente da aplicación centralizada, que atenderá a devandita ampliación.

3) A Presidenta da Comisión de Estudos de Posgrao, por delegación da Comisión na súa reunión do 16 de abril de 2012, será a responsable da autorización á que fai referencia o punto 2), salvo situacións excepcionais para as que se valore se resulta preciso o pronunciamento explícito da Comisión.



O XERENTE

Manuel Fernández Jauregui



**SRES/AS. ADMINISTRADORES/AS DE CENTROS, ÁMBITO E CAMPUS**  
**SRES/AS. XEFES DE SERVIZO**